

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne no Pazo provincial ás 12:30 h do día 21 de xuño de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D.ª BELÉN CACHAFEIRO ANTA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. JAVIER TOURÍS ROMERO** en substitución de **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ** en substitución de **D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 24 de maio de 2024.

2. DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS NO ANO 2024 (EXPTE. 2024010390)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais que teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, publicadas no BOPPO núm. 102, de 27 de maio de 2024, que teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, seguimento e xustificación das axudas e por finalidade, reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural e incrementar a actividade cultural no noso territorio. As axudas teñen dúas liñas de actividades subvencionables: Liña 1 para actividades de posta en valor do patrimonio inmaterial da provincia, así como festivais, mostras, certames e actividades culturais, e unha Liña 2 destinada á participación en festivais, certames, concursos e intercambios culturais nacionais e internacionais.

A concesión destas axudas realizarase mediante concorrencia competitiva, tendo en conta a valoración dunha serie de criterios: ámbito xeográfico, orzamento total da actividade e porcentaxe solicitada de financiamento. Dita concesión estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o ano 2024, convocándose con cargo á aplicación orzamentaria 24/330.3340.489.05 por un importe total de trescentos mil (300.000,00) euros, desagregados nas dúas liñas: Liña 1, 250.000,00 € e Liña 2, 50.000,00 €. O importe máximo da subvención que se conceda non poderá exceder o 75% do seu orzamento e o límite máximo por persoa beneficiaria será de dous mil cincocentos (2.500,00) euros. O prazo de solicitude remata o 27 de xuño deste mesmo ano.



3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A CREACIÓN, O MANTEMENTO E O REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, PARA O ANO 2024 (EXPTE. 2024002972)

O presidente dá conta do acordo de concesión de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos Servizos de Normalización Lingüística (SNL) dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra, para o ano 2024, aprobado pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 24 de maio de 2024. A convocatoria das bases correspondentes, que saíron publicadas no BOPPO núm. 67, de 5 de abril de 2024, recollían na súa base sétima as contías máximas subvencionables para cada modalidade: Creación do SNL, ata un máximo de 35.000,00 euros, e Mantemento e reforzo do SNL, ata un máximo de 25.000,00 euros.

Recibíronse en prazo un total de 6 solicitudes para o mantemento dos SNL por parte dos concellos da provincia que se relacionan a continuación e que cumpriron cos requisitos e documentación solicitada, consignándose un importe total de 149.929,18 € con cargo á aplicación 24/334.3340.462.04.

CONCELLO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO
A CAÑIZA	33.505,56 €	25.000,00 €	25.000,00 €
A ESTRADA	52.512,84 €	25.000,00 €	25.000,00 €
MOAÑA	57.867,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
PONTEAREAS	31.250,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
O PORRIÑO	31.161,48 €	24.929,18 €	24.929,18 €
VALGA	33.963,20 €	25.000,00 €	25.000,00 €

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:35 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión, do que eu como secretaria dou fe.

